



COLEXIO SAN NARCISO

PP. PAÚLES

Aptdo. 19 - Teléf. 986 881 408

cprsannarciso@edu.xunta.es

36900 MARIN (Pontevedra)



**ANEXO I ao PLAN DE ORIENTACIÓN
PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
CURSO 2008-2009**

**PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL
EDUCACIÓN PRIMARIA
CURSO 2008-2009**

INDICE

| | Pax. |
|---|-------------|
| 1 PRESENTACIÓN | 4 |
| 2 NECESIDADES | 4 |
| 3 OBXECTIVOS | 4 |
| 4 ASPECTOS ORGANIZATIVOS | 4 |
| 4.1. CRITERIOS ELECCIÓN TITORES | 4 |
| 4.2. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DE TITORES | 5 |
| 4.3. HORARIOS TITORIAS | 5 |
| 5 DESENVOLVEMENTO DA TITORÍA EDUCATIVA. PROGRAMA OPERATIVO | 6 |
| 5.1. ACTUACIÓNS DE APOIO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN | 6 |
| 5.2. ACTUACIÓNS DO TITOR | 6 |
| 6 5.3. ACCIÓNS XERAIS PARA TODOS OS CURSOS | 23 |
| 7 ACCIÓNS ESPECÍFICAS DO 1º CICLO | 26 |
| 8 CRONOGRAMA | 30 |
| 9 RECURSOS E MATERIAIS | 31 |
| SEGUIMENTO E AVALIACIÓN | |

1. PRESENTACIÓN.

O Plan de Acción Tutorial, (PAT), inxerido no Proxecto Educativo, é a estrutura coa que organizamos o conxunto de accións, de orientación e seguimento, dirixidas a todo o noso alumnado ao longo da súa escolaridade cuxo obxectivo é o logro das competencias básicas. Ten como finalidade o autoconhecimento do alumnado; que mellore o seu proceso de socialización, aprenda a decidir, a resolver os seus problemas de aprendizaxe, e se sinta protagonista do seu propio proxecto persoal e profesional.

Neste plan organizamos os contidos curriculares de tutoría a desenvolver a nivel grupal. Sistematizamos, así mesmo, a intervención do titor/a nos diferentes ámbitos de seguimento individual e grupal do alumnado, a relación coas familias, a coordinación co profesorado e con outros axentes externos.

A súa elaboración corresponde ao equipo de titores asesorados polo coordinador de ciclo e o orientador, que tamén o redacta. O desenvolvemento é responsabilidade do titor/a en coordinación co equipo docente e todos os axentes que incidan no seu grupo clase. Conta co apoio do orientador para favorecer e garantir a atención á diversidade do alumnado e, xunto co equipo directivo, a innovación e mellora da acción tutorial.

A acción tutorial forma parte do currículo, está integrado no mesmo e intrinsecamente vinculada á docente. Isto é paradigmático na Educación Primaria na que o papel de profesor e de titor forman unha unidade indivisible, o que determina a estrutura, secuenciación e temporalización das actividades "tutoriais " dentro dun enfoque globalizador nas distintas materias, sen prexuízo de tempos máis específicos, especialmente nos últimos cursos da etapa. As tarefas tutoriais e orientativas teñen unha dimensión técnica, polo que necesitan de planificación e sistematización, e, fundamentalmente, unha dimensión humana relacionada co perfil do profesorado, coa súa interiorización das funcións docentes, coa necesaria empatía co alumnado. En función desas dúas variables establecemos esta planificación.

2. NECESIDADES

Buscando o desenvolvemento integral da persoa, fin primordial da educación, as necesidades que determinan o noso plan son:

| NECESIDADE | ACCIÓNS DINAMIZADORAS QUE SUPOÑEN |
|---|---|
| Personalizar a educación | Coñecemento do alumno Esixencia realista sempre con expectativas altas Adecuación do proceso ensino-aprendizaxe ó alumno Seguimento |
| Dar resposta á singularidade educativa do alumno | Priorizar a prevención: - Coñecemento da historia persoal, familiar e escolar - Aspectos socio-familiares que favorecen e dificultan o progreso na aprendizaxe. - Currículo flexible. - Intervención temprana. Para: - Identificación das necesidades educativas reais. - Artellamento das medidas concretas oportunas: curriculares, organizativas de coordinación de recursos. |
| Educación integral | Planificación coherente: - De obxectivos integradores: cognitivos, afectivos, motrices, de adaptación e desenvolvemento persoal e social. - De contidos das tres dimensións necesarias: conceptuais, procedimentais e actitudinais. |

| | |
|---|---|
| | <p>Interacción axeitada:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Con dinámicas participativas, relacionais e de inserción. - Persoal e grupal. <p>Avaliación “formativa” (Continua e orientadora)</p> |
| Coordinación dos responsables | <p>Coordinación do Equipo Educativo</p> <p>Coordinación dos elementos internos do centro cos recursos externos especializados e coa comunidade en xeral.</p> <p>Búsqueda da “mediación” en todo caso</p> |
| Coordinación interciclos e etapas. | <p>Facilitación do ingreso no Centro:</p> <p>A) Das familias, presentando:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Normas de funcionamento do noso Centro e vieiros de colaboración. - Características e obxectivos do ciclo e etapa correspondente. - Características evolutivas dese período. - Papel e responsabilidade da familia. <p>B) Dos alumnos, mediante:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acollida e integración. - Recollida de información inicial relevante. - Avaliación da súa situación <p>C) Mediación no tránsito de ciclo e etapa, con:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Continuidade no estilo educativo e na coherencia das programacións - Tomas de decisión sobre promoción con criterios axeitados. - Intercambio de información relevante. - Coordinación de feito. |

3. OBXECTIVOS.

Sen prexuízo dos obxectivos xerais fixados no Plan de Orientación, para este curso buscaremos o logro destes obxectivos específicos:

- Integrar as competencias básicas no PAT
- Implementar a coordinación dos implicados no desenvolvemento do PAT
- Potenciar as tarefas do titor.
- Desenvolver as propostas derivadas do Plan de Convivencia.

4.- ASPECTOS ORGANIZATIVOS

4.1.- Criterios para a elección de Titores.

O sentido que ten a figura do titor é a de coordinar a acción titorial e conseguir o traballo conxunto de todo o equipo de profesores. Na medida do posible facemos:

- Elección das titorías primando os criterios pedagóxicos sobre outros criterios.
 - Que o titor asuma a tarefa formativa que conleva a titoría.
 - Que faga unha avaliación continua da actividade titorial para ir introducindo elementos de mellora.
 - Que teña interese na formación continua no ámbito titorial.
- Impartición da maioría das materias no grupo.
- Asignación lectiva que non impida a adicación necesaria á titoría.
- Permanencia do titor co seu grupo ao longo de todo o ciclo.

Tendo en conta o anterior, o cadro de titores para o presente curso é:

| Nivel | EP | Nivel | EP |
|-----------|--|-----------|--------------------------------------|
| 1º A B | María Jesús Rodríguez Ángeles Marín | 4º A B | Pablo Díaz López Ramón Cachafeiro |
| 2º A B | Manuela Rodríguez Begoña Roldán | 5º A B | Laureano Rodríguez Marcos Márquez |
| 3º A B | Alfonso Calvar Victoria Avendaño | 6º A B | Peregrino Dopazo Ana Lamoso |

4.2.- Organización e coordinación de titores.

Os procedementos para a organización e funcionamento das titorías serán os seguintes:

- As titorías organizaranse por cursos e ciclos. Cada ciclo constitúe un equipo de titores que traballan uns aspectos comúns e outros específicos a criterio de cada grupo-titor-nivel en función das características dos seu grupo. O Departamento de Orientación colabora no seu traballo. A coordinación exercea a Xefatura de Estudos.
- Un titor de cada ciclo actuará de coordinador do mesmo e formará parte do Departamento de Orientación.
- Establécese unha reunión de traballo trimestral ao principio do trimestre co orientador e a xefatura de estudos, que será convocada en forma pola mesma, para analizar o borrador presentado polo Departamento de Orientación, unificar criterios, recibir o material que precisen para a súa acción titorial, tomar acordos que afecten ao ciclo e a etapa e que, ao mesmo tempo, sirva de retroalimentación dos resultados do trimestre anterior, cando proceda. Quedarán así fixadas as actuacións concretas. Convén que na programación das actividades se respecten os acordos tomados.
- Reunións periódicas necesarias (cando menos unha mensual) de titores-orientador-xefe de estudos fixada na PXA. Sen prexuízo das mesmas, faranse de xeito individualizado orientador-titor todas as necesarias; especificadas ao efecto nos horarios individuais das titorías implicadas. O contido das mesmas non estará predeterminado, dependendo en cada momento das necesidades e demandas de cada titor.

4.3.- Horarios

Os titores disporán de dúas horas de adicación a titoría: unha para a titoría lectiva e outra para a preparación da mesma e atención aos pais.

No presente curso quedan así distribuídas:

| | | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|----|-------|--------------------|--------|----------|-------|--------|
| 1ª | 8:45 | 1º Ciclo: Asamblea | | | | |
| | 9:35 | | 6º B | | | 5º B |
| 2ª | 9:35 | | | | | |
| | 10:25 | | | | | |
| 3ª | 10:25 | 5º A | | | | |
| | 11:15 | | | | | |
| 4ª | 11:40 | | | | | |
| | 12:30 | | | | | |
| 5ª | 12:30 | | | | 6º A | |
| | 13:30 | | | | | |

Atención a país:

| | | | |
|--------------------|----------------------------|------------------------------|--|
| 1º E. Primaria – A | Mª Jesús Rodríguez Rosales | Xoves de 8,40 a 9,35 | Mércores de 15:30 a 17:30 Previa cita |
| 1º E. Primaria – B | Angeles Marín Soliño | Xoves de 12,35 a 13,30 | |
| 2º E. Primaria – A | Manuela Rodríguez Lorenzo | Venres de 8,40 a 9,30 | |
| 2º E. Primaria – B | Begoña Roldán Peón | Mércores de 11,30a 12,15 | |
| 3º E. Primaria – A | Alfonso Calvar Santos | Martes de 10,25 a 11,15 | |
| 3º E. Primaria – B | Victoria Avendaño Portas | Mércores de 10,30 a 11,15 | |
| 4º E. Primaria – A | Pablo Díaz López | Recreos mart. e venres 11:15 | |
| 4º E. Primaria – B | Ramón Cachafeiro Balseiros | Xoves de 9:40 a 10:25 | |
| 5º E. Primaria – A | Laureano Rodríguez Soto | Mércores de 9:35 a 10:25 | |
| 5º E. Primaria – B | Marcos Márquez Almuíña | Luns de 11:45 a 12:35 | |
| 6º E. Primaria – A | Peregrino Dopazo Pérez | Martes de 11:45 a 12:35 | |
| 6º E. Primaria – B | Ana Lamoso Acuña | Mércores de 10:25 a 11:15 | |

5. PROGRAMA OPERATIVO.

5.1. Actuacións de apoio do Departamento de Orientación ao PAT

As fixadas con carácter xeral no punto 6.1-c do Plan de Orientación, no Art.23 do RRI e na Programación Anual 2008-2009 do Departamento de Orientación.

5.2. Actuacións do titor/a

As fixadas con carácter xeral no punto 6.1, referido aos órganos unipersoais a).

5.3. Actuacións xerais para todos os cursos.

Explicitámolas nas tres dimensións de actuación (alumnos, país, profesorado) e agrupadas en dimensións comúns con obxectivos, propostas de actividades tipo que serán desenvolvidas por cada profesor titor segundo o ciclo, nivel ou grupo-clase concreto e tendo en conta as súas características.

A Tutoría desenvolverase nas seguintes dimensións comúns para todos os cursos:

DIMENSIÓN COMÚNS:

- Acollida, integración, coñecemento (individual e grupal), organización e funcionamento do grupo clase.
- Avaliación do proceso ensino-aprendizaxe e coordinación co profesorado
- Competencias Básicas
- Valor do curso: "EDUCAR A INTERIORIDADE".
- Transversais e valores co gallo dos días de especial interese educativo e cultural, as festas tradicionais e celebracións propias do centro.
- Programa de Prevención do Consumo de Drogas. Xunta de Galicia.
- Relacións cos país

ACOLLIDA, INTEGRACIÓN, COÑECEMENTO (INDIVIDUAL E GRUPAL), ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO GRUPO CLASE.

| Obxectivos específicos | Accións a realizar | Estratexias es recursos dispoñibles | |
|--|---|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ○ Coñecer, organizar e analizar funcionalmente os datos e características esenciais dos alumnos e do grupo-clase. ○ Facilitar o coñecemento e utilización axeitada das instalacións e recursos do centro (especialmente en 1º e aos alumnos de novo ingreso) ○ Promover o compromiso e integración de todos os alumnos no desenvolvemento das accións titoriais. | <ul style="list-style-type: none"> ○ Facilitando aos de novo ingreso rutas guiadas polas instalacións do centro e facilitando o contacto cos compañeiros. ○ Recollendo e sintetizando os IAIs e informes do titor anterior. ○ Cubrindo e comentando cuestionarios, enquisas, sociogramas... ○ Facendo a avaliación inicial co equipo docente. ○ Debatendo e consensuando as normas básicas de convivencia partindo das directrices para o curso. ○ Elixindo os delegados de clase. ○ Explicitando claramente como grupo clase as respostas ás preguntas: ¿Quen somos?, ¿Que queremos?, ¿Como o imos conseguir? | <ul style="list-style-type: none"> 👉 Exposición en gran grupo 👉 Visita/s guiadas 👉 Dinámicas de interacción 👉 IAI 👉 Expediente académico 👉 Cuestionarios 👉 Informes 👉 Entrevista semiestructurada 👉 Sociograma 👉 Rexistros de observación | <ul style="list-style-type: none"> 👉 Dossier informativos 👉 Traballo en pequeno grupo 👉 Debate 👉 Posta en común 👉 Role-Play 👉 Votación 👉 Murais 👉 Contratos de continxencia 👉 Carpeta do titor 👉 Chuvia de ideas 👉 Phillip-6.6 |
| Temporalización | Responsables | Indicadores de éxito e fontes de verificación. | |
| <ul style="list-style-type: none"> ○ Setembro-outubro, nas sesións necesarias ○ Ao longo do curso, cando o titor o estime necesario para conseguir os obxectivos fixados. | <ul style="list-style-type: none"> ○ Titor ○ Titor, Coordinador curso/ciclo/etapa anterior. ○ Xefe de estudos ○ Orientador | <ul style="list-style-type: none"> ○ Recolleuse información relevante de cada alumn@. ○ Sistematizouse e estruturouse a información da avaliación inicial en bloques que faciliten o coñecemento do grupo-clase. Carpeta titor. Informes de avaliación final. ○ Protocolo na elección de delegados: debate normas, acordo, candidatos, propostas, elección. Acta ○ Compromiso explícito do grupo-titor con tres puntos: quen, que e como. Documento. | |

AVALIACIÓN DO PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE E COORDINACIÓN CO EQUIPO DOCENTE

| Obxectivos específicos | Accións a realizar | Estratexias es recursos dispoñibles | |
|--|---|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ○ Promover que o proceso de avaliación estea baseada na normativa vixente ao respecto garantindo en todo caso o dereito do alumnado a que o seu rendimento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos. ○ Potenciar a participación do alumnado no seu proceso de ensino-aprendizaxe e avaliación analizando o traballo realizado e adoptando compromisos para correxir os desaxustes xurdidos. ○ Realizar unha eficaz coordinación (intercurso, interciclos, interetapas) ○ Recoller e sistematizar información inicial útil sobre o grupo e de cada alumno/a referida prioritariamente ao seu rendimente, aptitudes, actitudes e intereses. ○ Obter e contrastar información, opinións e suxestións de cada profesor | <ul style="list-style-type: none"> ○ Coordinando o paso de etapas, cursos. ○ Avaliando inicialmente, con especial fincapé en 1ºESO e aos novos alumnos. ○ Con periodicidade, reflexionando sobre a marcha do curso atendendo ao conxunto de factores que actúan sobre o proceso educativo: traballo persoal, funcionamento do grupo, actuación do profesorado, programas..., buscando solución ós problemas que se plantexen. ○ Preavaliación: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Proporcionando información relevante sobre a xunta de avaliación: datas, criterios compartidos, acordos de avaliación, criterios de promoción. ▪ Autoavaliando o funcionamento do grupo-clase, individual e do proceso ensino-aprendizaxe. ▪ Recollendo a información obtida e acordada cos alumnos para a xunta de avaliación. ○ Postavaliación <ul style="list-style-type: none"> ▪ Entregando os informes de avaliación.(Farase na última clase do período lectivo do correspondente trimestre) ▪ Valorando cualitativa e cuantitativa os resultados ▪ Poñendo ao corrente ao grupo os acordos tomados: asunción de compromisos e responsabilidades; Plans individuais de RE. | <ul style="list-style-type: none"> 👉 Reunión periódica de coordinación de titorías. 👉 Sesións de avaliación educativa. 👉 PAT, POAP e PAD 👉 IAI. Informes do D.O 👉 Cuestionarios 👉 Técnicas de observación. 👉 Rexistros 👉 Entrevistas individuais 👉 Técnicas grupais 👉 Ficha de seguimento do alumno 👉 RE: horario escolar e extraescolar 👉 Apoios: dentro e/ou fóra da aula 👉 Agrupamentos 👉 Unidades adaptadas 👉 Adaptacións curriculares 👉 Programas Individuais de RE | <ul style="list-style-type: none"> 👉 Cuestionarios de autoavaliación 👉 Planillas 👉 Actas-resumo de avaliación 👉 Informe orientador 👉 Exposición en grupo/pequeno grupo 👉 Boletíns 👉 Contratos de continxencia regulares 👉 Probas de competencia curricular(nivel) nas materias instrumentais. 👉 Probas de avaliación diagnóstico-orientativas |

| | | | |
|--|--|--|--|
| <p>sobre os variados aspectos que afectan ao grupo e/ou a cada alumno en particular</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Coordinar estratexias e criterios cos equipos docentes para dar resposta á diversidade ○ Organizar, coordinar e presidir as sesións de avaliación educativa do grupo ○ Implicar ao profesorado nas tarefas de RE/Apoio ○ Axustar a resposta educativa ás necesidades, tanto grupais como persoais, do alumnado aplicando as necesarias adaptacións curriculares e metodolóxicas ○ Mediar ante situacións difíciles entre o profesorado e o alumnado. | <ul style="list-style-type: none"> ○ Avaliación continua, formativa e orientadora. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Organizando as sesións de avaliación (É importante lembrar que todos os profesores teñen a obriga de pasar aos titores a información da marcha dos alumnos na súa materia no tempo e modo fixado na PXA e no cronograma do PAT. ▪ Coordinando as sesións de avaliación do grupo. ▪ Cubrindo as actas de avaliación de maneira que reflecta adecuadamente o verdadeiro propósito da avaliación. ○ Avaliación final: De diagnóstico-orientativa, cumplimentación dos IAI, Informe Orientador, no seu caso. ○ Desenvolvendo e avaliando os acordos tomados: responsabilidades compartidas. ○ Elaborando plans de actuación específicos para o tratamento da diversidade: Organización de actividades de RE, agrupamentos, apoios, adaptacións, programas individuais de RE... ○ Orientando ao alumnado de maneira consecuente cos resultados de cada avaliación, idade, expectativas e intereses do alumno; especial fincapé na 2ª avaliación e na extraordinaria de setembro. ○ Análise e mediación nos conflitos profesor-clase que poidan xurdir (na materia, metodoloxía, conducta...) seguindo estratexias e protocolos preestablecidas. | | |
|--|--|--|--|

| Temporalización | Responsables | Indicadores de éxito e fontes de verificación. |
|--|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ○ Primeiro mes: coordinación interetapas, cursos... ○ Primeiro mes: avaliación inicial. ○ Datas fixadas para o seguimento da marcha do trimestre na PXA ○ Datas fixadas para as avaliacións na PXA ○ Datas fixadas para a coordinación titorial na PXA ○ Mes de maio: avaliación diagnóstico censal en 4º ESO. ○ Último mes: avaliación final orientadora. | <ul style="list-style-type: none"> ○ Titor ○ Equipo docente ○ Orientador ○ Familias/Titores legais ○ Administración Educativa. | <ul style="list-style-type: none"> ○ Houbo intercambio de información etapa-etapa, ciclo-ciclo entre os responsables de pasala e recibila. Avaliación inicial. Informes avaliación final, listados, actas. ○ Púsose en común co equipo docente a información obtida en sesión formal. Acta. ○ Establecéronse decisións, liñas claras e comúns de traballo a nivel individual e grupal. Plans individuais, axuste programacións, compromisos formais. ○ Realizáronse no grupo clase sesións específicas de seguimento marcha do curso. Formalización de propostas e compromisos. ○ Constátase nas sesións de avaliación que a avaliación é continua e ten carácter formativo e orientador. Actas das sesións de avaliación que reflicten ese carácter nas decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno ao grupo no seu conxunto e ao profesorado. ○ O profesorado, individualmente e como equipo docente, autoavalía a súa práctica docente nas sesións de avaliación. ○ O titor coordinou e dirixiu a avaliación do seu grupo. ○ O alumnado estivo correctamente informado dos resultados do seu proceso educativo. ○ O titor mediu nos conflitos profesor-clase seguindo protocolo. ○ Cúmplense os acordos das sesións de avaliación. ○ Cumpliméntanse correctamente os documentos oficiais de avaliación. Documentos oficiais de avaliación. ○ Orientouse ao alumnado en función dos seus resultados, intereses, capacidades e idade. |

COMPETENCIAS BÁSICAS A DESENVOLVER DESDE A TITORÍA

A construción das competencias establecidas no Currículo da Educación Básica

1. Comunicación lingüística
2. Matemática
3. Interacción co mundo físico
4. Social e cidadá
5. Cultural e artística
6. Tratamento da información e dixital
7. Aprender a aprender
8. Autonomía e iniciativa persoal

realízase dunha forma interdisciplinar, globalizada. Desde a titoría traballaremos de forma máis específica:

| COMPETENCIAS | | ACCIÓNS DE INTEGRACIÓN NO PAT |
|--------------|--------------------------------|--|
| AI | Autonomía e iniciativa persoal | <ul style="list-style-type: none">• Promovendo unha organización do grupo clase responsable, democrática e participativa.• Desenvolvendo o valor vicenciano do curso.• Colaborando no traballo dos técnicos de Rexurdir na aplicación do seu programa (3º Ciclo). |
| AC | Social e cidadá | <ul style="list-style-type: none">• Adicando atención específica aos días de especial interese educativo.• Favorecendo a realización das accións previstas nas festas tradicionais e de carácter xeral marcadas no PAT. |
| AA | Aprender a aprender | <ul style="list-style-type: none">• Desenvolvendo accións de orientación.• Promovendo Programas Individualizados de Reforzo.• Valorando criticamente os resultados das avaliacións do grupo-clase.• Creando sinerxias que integren a labor do equipo docente nos procesos de ensinanza-aprendizaxe. |

Dende a titoría, ademais, coordinarase e dinamizarase as competencias educativas que son comúns en todas as áreas, colaborando con todos os axentes implicados na comunidade educativa.

Establecemos as seguintes competencias a desenvolver ao longo da Educación Primaria e estes criterios para avalialas:

| OBXECTIVOS dá área de titoría-orientación formulados como competencias | | Criterios de avaliación | CCBB Relacionadas | | |
|--|--|--|-------------------|---|---|
| | | | 4 | 7 | 8 |
| 1 | Participar na vida do aula implicándose nas actividades e decisións do seu funcionamento e respectando as normas de convivencia, para comportarse de xeito responsable, respectuosa e crítica. | <ul style="list-style-type: none"> • Manifesta as súas opinións e implícase nas actividades propostas no grupo clase. • Responde a convocatorias de actividades que se promoven no centro. • Responsabilízase das tarefas comúns • Executa ata o final as tarefas que se derivan dos compromisos adquiridos • Propón actividades, xogos etc. • Cumpre as normas de convivencia | X | | |
| 2 | Relacionarse coas persoas da contorna cunha actitude de colaboración, de escoita e comunicación, para que valore e sexa capaz de xogar, divertirse e traballar con outros. | <ul style="list-style-type: none"> • Escoita aos compañeiros nos traballos en grupo • Razo a súa postura en confrontacións de diferentes formulacións • Valora a achega dos seus compañeiros • Coas súas achegas, axuda a avanzar nas tarefas comúns • Mostra satisfacción ante o traballo con outros • Participa e goza nos xogos con outros Se comunica de forma asertiva | X | | |
| 3 | Tomar conciencia ante situacións sociais de inxustiza ou violencia recoñecendo e respectando a pluralidade, para que o seu comportamento responda aos valores de xustiza, igualdade, paz e solidariedade nunha sociedade intercultural | <ul style="list-style-type: none"> • Expresa a súa postura ante situacións de inxustiza ou falta de respecto dos dereitos do neno • Ten xestos solidarios ante necesidades do seu contorno próximo • Manifesta o seu desexo de axuda e apoio futuro ante necesidades sociais | X | | |

| | | | | | |
|---|--|---|--|---|---|
| | | <ul style="list-style-type: none"> • Valora e mostra interese pola riqueza das diversas culturas • Diríxese correctamente aos demais | | | |
| 4 | Reflexionar con actitude aberta sobre o seu modo de desenvolver as prácticas escolares e o seu esforzo, de modo que avalíe o seu rendemento escolar e acepte a axuda necesaria valorando o traballo ben feito. | <ul style="list-style-type: none"> • Inicia as tarefas con confianza en si mesmo • Acepta a dificultade e ata a frustración sen abandonar a tarefa • Goza ante a tarefa terminada e ben feita • Valora de forma realista o seu modo de responder ás obrigacións escolares • Utiliza a axenda de forma sistemática • Organiza o seu tempo de acordo ás súas obrigacións • Coida, organiza e mantén ordenados os materiais escolares • Realiza as tarefas escolares de forma responsable e ordenada • Prepara as tarefas antes de realizalas • Pregunta cando ten dúbidas • Busca e selecciona información | | X | X |
| 5 | Indagar no coñecemento de si mesmo a fin de desenvolver unha adecuada autoestima e facer fronte con seguridade ás novas situacións. | <ul style="list-style-type: none"> • Formula calidades persoais con realismo • Recoñece a importancia da axuda dos demais para o seu crecemento persoal • Manifesta ilusión e desexo de esforzarse por conseguir as metas que se propón • Afronta situacións novas • Manifesta as súas opinións con autonomía á vez que con flexibilidade • Expresa as súas preocupacións • Exterioriza os seus sentimentos e emocións • Mantén relacións de igualdade cos seus compañeiros sen caer na dominación nin na dependencia | | | |

| | | | | | |
|---|--|--|---|--|---|
| 6 | Analizar con criterio experiencias e situacións de conflito da vida cotiá, valorando alternativas para poder chegar a tomar decisións con autonomía e respecto | <ul style="list-style-type: none"> • Identifica situacións conflitivas da vida cotiá • Toma postura persoal ante situacións conflitivas que xorden no aula • Opina ante acontecementos e problemáticas sociais do momento • Resolve de forma persoal e autónoma conflitos interpersoais da vida cotiá • Busca o diálogo cos compañeiros cando non está de acordo con algo | X | | X |
|---|--|--|---|--|---|

| Bloques | Temas |
|---|--|
| 1-O desenvolvemento persoal Comprende contidos referidos ao crecemento persoal, á toma de decisións e á elaboración do proxecto persoal ao longo da vida. | 1-Autoestima <ul style="list-style-type: none"> • Autoconcepto • Expectativas propias e alleas (efecto Pygmalion, efecto Galatea) • Relaxación como autoconocimiento e autocontrol 2-Os sentimentos e as emocións <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento e identificación de sentimentos e emocións en relación cun mesmo e cos demais • Expresión de sentimentos e emocións • Autorregulación 3-Identidade persoal <ul style="list-style-type: none"> • Identidade de xénero • Identidade cultural ... 4-Potenciación de capacidades <ul style="list-style-type: none"> • Diferentes capacidades e intelixencias |

| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> ● Motivación ● Esfuerzo e rendemento ● Análises e negociación ● Prevención |
| <p>2-As relacións cos outros: a comunicación, o traballo en equipo e a resolución de conflitos</p> <p>Inclúe conceptos, procedementos e actitudes relacionadas co funcionamento dos grupos humanos, o traballo cooperativo, colaborativo e a análise e a resolución de conflitos.</p> | <p>1- O grupo</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Análise dos grupos (líder e liderado, roles no grupo, grupo e agrupamiento, sentimento de pertenza) ● A acollida (xogos de coñecemento, distensión e confianza) ● A integración no grupo (xogos de comunicación e afirmación) <p>2- As relacións cos outros</p> <ul style="list-style-type: none"> ● As normas de convivencia e a disciplina ● Organización e funcionamento da clase: ● Elección de responsable ● Establecemento das normas do aula e coñecemento das do centro ● Formación dos grupos ● Sociograma ● Potenciación do grupo-aula ● Xogos cooperativos ● O diálogo ● A conversación <p>3- Habilidades sociais</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Habilidades comunicativas (asertivo, agresivo, pasivo) ● Tipos de conduta social ● A empatía <p>4- O conflito</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Estilos ante o conflito: competición, cooperación, acomodación/submisión, evasión, compromiso (negociación-consenso) ● Agresividade e violencia ● Estratexias de resolución: |

| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> • Mediación • Axuda entre iguais |
| <p>3-Os procesos de aprendizaxe</p> <p>Competencias que optimizan o rendemento escolar no seu conxunto, á aplicación de técnicas de estudo e estratexias de metacognición.</p> | <p>1-Organización e planificación do estudo</p> <ul style="list-style-type: none"> • Hábitos de traballo: • Axenda • Condicións ambientais • Normas de traballo nas áreas <p>2-Motivación, esforzo e rendemento</p> <p>3-Estratexias para ensinar a pensar nas diferentes áreas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resolución de problemas • Creatividade • Metacognición • Razoamento • Concentración • Memorización |
| <p>4-A orientación profesional</p> <p>Contido asociado á toma de decisións en relación ao itinerario persoal e profesional, partindo do coñecemento de si mesmo e do mundo laboral.</p> | <p>1-A toma de decisións</p> <p>2-Valores asociados ao traballo</p> <p>3-Metas e vías para o seu logro.</p> <p>4-Proxección futura de cada un-a</p> |

**VALOR DO CURSO para os CENTROS VICENCIAOS:
“EDUCAR A INTERIORIDADE”. LEMA: “¡Desperta o teu interior!, camiña cara ao centro do teu ser”**

| Obxectivos específicos | Accións a realizar | Estratexias e recursos dispoñibles |
|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ○ Educar a interioridade para vivir en profundidade a relación cun mesmo, con Deus, cos demais e coa realidade: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorecer o autoconecemento e a integración das emocións a través do silencio e a reflexión. ▪ Acompañar o despertar da dimensión espiritual, axudando a descubrir a oración como encontro e iniciando nesta experiencia. ▪ Axudar a establecer relacións máis auténticas e profundas cos demais, evitando a superficialidade, apariencia, utilitarismo. ▪ Aprender a facer unha lectura creente da realidade, vivindo o presente e apreciando a beleza. | <ul style="list-style-type: none"> ○ Facendo a reflexión inicial diaria que propón o Departamento de Pastoral. ○ Desenvolvendo a Xornada de Presentación do Curso. ○ Adicando sesións específicas ao longo do curso na titoría grupal. ○ Integrando o valor na dinámica diaria das distintas materias nas competencias máis relacionadas (Competencia social e cidadá, Autonomía e iniciativa persoal..). ○ Facendo referencia nos distintos actos académicos do curso. | <ul style="list-style-type: none"> ○ Dossier informativo: “A INTERIORIZACIÓN”. Contén información xeral, orientacións e propostas para que o profesorado desenvolva o valor fixado para o curso: xornadas de sensibilización e sesións de titoría trimestrais. ○ Diversas e numerosas dinámicas e presentacións en formato PPT. ○ Actividades organizadas en sesións para desenvolver na titoría grupal especificadas por niveis e trimestres. ○ Diversas propostas de vídeos, cancións e cinefórum. ○ CD con cancións e outras propostas relacionadas coa interiorización. |

| Temporalización | Responsables | Indicadores de éxito e fontes de verificación. |
|---|--|--|
